

“PROHIBIDO contratar se non é vía Venda Dixital”

Neste cuadrimestre, cando se achega o peche e futuro cobro do DOR ANUAL -cuxo peso en vendas dixitais son elevados para os nosos responsables xerárquicos-, é cando o persoal da Rede soporta a presión de contratar obrigatoriamente por vía Venda Dixital, **decidindo BBVA perder operacións rendibles a comercializalas por outra vía distinta.**

A principios deste ano, **CCOO** mantivemos unha reunión con RRLL, para aclarar distintos aspectos relacionados con este tema. Dende o BBVA aseguróusenos que ían comunicar a todos os responsables, **que estaba prohibido utilizar o móbil e os computadores corporativos para que os clientes auto-contratasen produtos e servizos bancarios propios.**

Despois desta reunión cóstanos que todos os responsables (D.Zona, D.CBC, D.Oficina), recibiron as instrucións oportunas para corrixir esta forma de proceder, pero parece que de novo esquecérono e **volve a esixencia de utilizar os medios prohibidos para a contratación por vía dixital.**



CCOO denunciámos esta actitude do banco reclamándolle coherencia e, á súa vez, requirímosvos a non utilizar os teléfonos móbiles corporativos, nin os computadores do banco para suprantar operacións dixitais de clientes. **E igualmente**, comunicámosvos que **tampouco debemos utilizar o noso móbil particular, para ningún asunto, con terceiros, relacionado con BBVA**, pois o banco sancionou recentemente a un empregado, por enviar un whatsapp a un cliente por temas profesionais, dende o seu teléfono particular.

Enquisa de satisfacción: Así non.

O Banco a través da empresa Gallup, iniciou, ata o 6 de Novembro, a enquisa de feedback de empregados-as, para testear se BBVA é o mellor sitio para traballar.



Pero **empezamos mal**, xa que detectamos que dende a dirección do banco **presiónase e direcciona que respostas e/ou valoracións hai que dar** en tal ou cal ítem do cuestionario, co ánimo de “**saír ben na foto**”.

A **posición de CCOO** neste tema é moi clara: Facemos unha chamada ao persoal de BBVA para que **cumprimente a enquisa, dunha maneira obxectiva** e sobre todo, **con absoluta liberdade**, poñendo enriba da mesa as condicións reais nas que desenvolvemos o noso traballo, na procura de mellora, que como ben sabemos, hai moito campo que percorrer: prolongacións de xornada, ameazas, coaccións en Venda Dixital, formación de calquera modo e a calquera hora...

CCOO rexeitamos estas prácticas e denunciámos todas aquelas accións ou directrices que persigan incidir ou cambiar a percepción das persoas e o sentido das súas respostas, co obxectivo de alterar artificialmente os resultados.

Seguimos traballando, seguiremos informando.

Outubro 2017

CCOO servizos bbva

Tel. 981 95 32 21 - 93 401 44 53 - bbvacc00@servicios.ccoo.es
www.ccoo-servicios.es/bbva/ - tablón sindical en espacio - www.ccoo-servicios.info
<https://www.facebook.com/ccoobbva> – <https://twitter.com/ccoobbva>
adherida a la **unión network international**